

Dentro do compromiso da Refinería coa Coruña

## **REPSOL RACING TOUR, A ELITE DA COMPETICIÓN EXPONSE NA TALL SHIPS**

- **A exposición está situada no Peirao de Transatlánticos con motivo da Tall Ships Races na Coruña, na que colabora a Refinería de Repsol dentro do seu Plan de sustentabilidade 2016**
- **Reúne pezas crave na historia das competicións de motor, como a moto coa que Marc Márquez gañou o seu primeiro Mundial de MotoGP en 2013 ou un mono de competición de Dani Pedrosa.**
- **A mostra é interactiva e inclúe un espazo infantil exterior para que os máis pequenos poidan gozar aínda máis da experiencia.**

Repsol trae o Racing Tour, unha exposición interactiva na que a compañía resume a súa historia de máis de 45 anosno mundo das competicións de motor. A exposición está situada nun tráiler situado no Peirao de Transatlánticos con motivo da Tall Ships races. A Refinería apoia esta Regata de Grandes veleiros incluída dentro das súas 37 accións de sustentabilidade, e co obxectivo de impulsar iniciativas en beneficio do turismo e o deporte na Coruña.

O Repsol Racing Tour está pensado para que toda a familia poida mergullarse no mundo do motor e achegarse á historia dun equipo campión a través dunha exposición que recolle, entre outras pezas destacadas, a moto coa que Marc Márquez gañou o seu primeiro Mundial de MotoGP en 2013 e un vídeo gravado con cámara *onboard* que nos mostra a visión dos pilotos desde a moto e permítenos escoitar o son do motor da Fonda. Ademais exponse un mono de competición de Dani Pedrosa e explícase un por un todos os reforzos de seguridade que ten este equipamento.

Na zona histórica destácanse os fitos máis importantes na historia de Repsol en competición e, ademais de fotografías e vídeos cos testemuños dos pilotos máis destacados, exhíbese o equipamento de trial de Toni Bou, un casco de Anxo Neto de hai máis de 3 décadas, un trofeo conmemorativo de MotoGP e unha réplica en miniatura dun coche do Dakar.

Tamén se describen os procesos de fabricación de produtos como os carburantes e contén varios espazos interactivos e tecnolóxicos para que os visitantes gocen da experiencia. Ademais da exposición, á beira instalouse un circuíto inchable de 15 metros para que os máis pequenos poidan practicar e divertirse con minimotos.

O Repsol Racing Tour pode visitarse de forma gratuíta desde hoxe xoves ata o sábado 13 de agosto e abrirá de 11 a 14 horas e de 15.30 a medianoite.

### **Repsol, cos deportes de motor**

O Repsol Racing Tour empezou en 2015 un percorrido dun ano por máis de 50 cidades españolas. A día de hoxe, máis de 120.000 visitantes puideron coñecer os valores que Repsol potencia a través do seu patrocinio dos deportes de motor, como superación, nobreza, valentía, entusiasmo e vontade, e que promove no seu apoio ao deporte basee con proxectos como o FIM CEV Repsol e a escola de enxeñeiros e pilotos Monlau Repsol, entre outros.

O Mundial de Motociclismo supón para Repsol o mellor banco de probas para poder desenvolver os carburantes e lubricantes que logo pon a disposición dos clientes nas súas estacións de servizo.